

3.— A inscrición da Porta da Ponte Nova.

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ

Quén ó pasar pola Porta da Ponte Nova non se parou a ler unha lenda alí grabada na pedra?. Pois ben, a min tamén me chamou a atención. Mais dunha vez me quedei mirándoa moi quieto para tratar de explicarme o seu significado. Porque aparentemente ven a decir que un tal “Silbestre Comcheiro” fixo aquela obra, a porta se entende, no ano 750: **ESTA OBRA LA ICO SILBESTRE COMCHEIRO A 750**


Pero, ¿qué é esto de 750?: ¿1750?. Se fora así, ¿cómo conxugar esa data tan tardía cun estilo claramente gótico?

Até agora, ou se dou por non vista esta lenda ante a imposibilidade de casar a aparencia dese ano co estilo da porta, ou se leu e se asumiu que decía 1750 engadindo que polo tanto era unha data equivocada que nada tiña que ver coa obra.

Diante de todo esto cabe unha reflexión: ¿foi ben lida a data?: ¿trátase dunha obra do s. XVIII e polo tanto dun “revival” arqueolóxico ou dun neogoticismo prematuro?: ¿pode ser que o que date sexa unha reparación feita no s. XVIII?. En realidade, e é o que propoñemos, todas estas hipóteses quedan sin sentido se se le a data cun mínimo de crítica.

Hai algo no que parece non haber reparado ninguén e é o feito de que despois do último cero hai outro cero mais. Se non aparece claro á primeira vista débese ó feito de que á cantería saltoulle xusto alí unha capa superficial por efecto da erosión. Pero queda, curiosamente, o vacío redondeado do cero, ben visible na parte esquerda. Ademais, unha análise mais detida mostra o indubidable rastro deixado polo punzón.

A partir daqui ¿que sentido ten ler 7500? Dende logo ningún, a menos que reflexionemos sobre o primeiro número. Calquer análise ou calquer comparación que fagamos ratificanos no mesmo: o primeiro número é un 7. Agora ben, ¿qué pasaría se o lapicida que fixo a inscrición en realidade o que quixo poñer era un 1?. A resposta é moi sinxela: teríamos unha data perfectamente coherente co estilo da contrución e, polo tanto, perfectamente válida (14). Esta é a idea que nos parece mais axeitada, polo que a lectura definitiva, engadindo a cedilla do C de ICO, queda así:



(14) Coincide ademais co que sabemos sobre a reconstrución das murallas da cidade en tempos dos Reis Católicos.

ESTA OBRA LA IÇO
SILBESTRE COM
CHEIRO A[ÑO] [1]500

O analfabetismo era unha enfermidade social que se estendía por tódolos grupos, clases ou estamentos até épocas próximas a nós. Eso explica moitos dos erros que se atopan nas inscricións e nos documentos en xeral. Está demostrado, por exemplo, que a maioría dos copistas de códices da Edade Media non sabían ler, polo que copiaban os rasgos, é dicir debuxaban mais que escribían. Pois algo semellante lle poido pasar ó que fixo esta inscrición: que ó millor xa lle deron mal ó modelo, ou el mesmo foi o que se confundiu. Pero hai outra cuestión a considerar e é o feito de que o emprego dos números arábigos era, tendo en conta a data de 1500, algo demasiado recente. Porque, de feito, estes números que hoxe nos parecen tan naturais, sómente se teñen datos documentais deles en España a partir do s. X e dunha maneira mais xeralizada no nos vemos até o s. XIV. Isto compróbase ben en Betanzos onde os sepulcros datados de época baixomedieval teñen sempre números romanos.

Outra cousa que ten que chamarnos a atención é o emprego, por unha parte, de letras clásicas e non góticas como se viña facendo e por outra, a utilización do idioma castelán en vez do galego. Contén, por conseguinte, unha certa paradoxa, propia por outra banda dos tempos de cambio: aínda que data unha obra gótica, faino utilizando símbolos mais modernos, é dicir, letras como as que empregaron os romanos (estamos no Renacemento) e números arábigos. A paradoxa esténdese tamén ó emprego da lingua, xa que se trata, e daí a súa importancia engadida, da primeira manifestación que conocemos en Betanzos (no que se refire a inscricións) da uniformización lingüística imposta polos Reises Católicos.

